

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Integrados de Formación Profesional**

**Modelo MD81PLA02**

# **Plan Anual do CIFP de VILAMARÍN**

**Curso: 2023/2024**

## Índice

---

	CAPÍTULO I.....	3
1	Modificacións ao Proxecto Funcional e Obxectivos Específicos do centro para o curso	3
2	Actuacións e recursos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos.....	3
3	Horario.....	3
	3.1 Horario do CIFP.....	3
	3.2 Horario do persoal docente.....	3
	3.3 Horario do persoal non docente.....	3
	3.4 Horario de atención ao público.....	3
	3.5 Horario de atención tutorial.....	3
4	Orzamento previsto.....	3
5	Organización de servizos complementarios (de ser o caso).....	4
6	Calendario de avaliación do Plan anual e de Auditorías do Sistema de Xestión da Calidade.....	4
	CAPÍTULO II.....	5
1	Documento de organización do Centro (DOC).....	5
2	Programacións de cada acción formativa.....	5
	CAPÍTULO III.....	6
1	Plans anuais das áreas funcionais.....	6
	1.1 Área de Calidade, Innovación e Orientación Profesional.....	6
	1.2 Área de Formación.....	6
	1.3 Área de administración e xestión.....	6
2	Programación da actuación dos departamentos.....	6
3	Programa anual de formación do profesorado.....	6
4	Programa de promoción da lingua galega e das linguas estranxeiras.....	6
5	Actividades complementarias á formación do alumnado.....	6
6	Outras directrices e normas específicas do CIFP.....	6

## CAPÍTULO I

# 1 Modificacións ao Proxecto Funcional e Obxectivos Específicos do centro para o curso

---

### Modificacións ao Proxecto Funcional

O Plan Conecta FP Galicia de colaboración público-privada para o establecemento de ofertas de formación profesional á medida do tecido produtivo galego 2023-2025, sinala os centros que constitúen a Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, como referentes da formación profesional galega, reservándolles un papel destacado na organización e desenvolvemento das actuacións previstas.

No curso 2022/23, o instituto de educación secundaria (IES) de Vilamarín (32016285) imparte ciclos formativos das familias profesionais Agraria, Hostalaría e Turismo e Industrias Alimentarias. A totalidade da actividade formativa impartida corresponde, polo tanto, a ensinanzas de formación profesional.

A transformación do IES de Vilamarín en CIFP permite adaptar o noso sistema organizativo á nosa configuración actual, superando as estruturas propias do ensino secundario e sentando as bases para o seu recoñecemento como centro de referencia en ensinanzas de formación profesional.

Ademais, esta transformación permite reforzar as ensinanzas regradas de formación profesional que se oferta no centro e, ao tempo, a posibilidade de ampliar e diversificar a súa oferta formativa a través da incorporación de novos ciclos, de novas modalidades de impartición, da formación a persoas desempregadas e do establecemento de sistemas de acreditación de competencias profesionais, contribuíndo de forma clave a fomentar a actividade emprendedora dentro dos niveis non universitarios do sistema educativo galego, así como á inserción e orientación laboral para o progreso nos distintos itinerarios formativos e profesionais.

O centro resultante da transformación inclúese na Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, canle fundamental na consecución de solucións formativas para os principais sectores da economía e base para a formación profesional de calidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1.3 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, establece que a creación e a supresión destes centros docentes realizarase mediante decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Os centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido polo Decreto 266/2007, do 28 de decembro, serán, ademais, autorizados pola consellería competente en materia de educación e pola consellería competente en materia de traballo, logo de ditame do Consello Galego de Formación Profesional.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día tres de agosto de dous mil vinte e tres, dispónse a efectuar a transformación do Instituto de Educación Secundaria de Vilamarín (código 32016285) en CIFP de Vilamarín.

Porén, con data 14 de agosto de 2023 foi publicado no DOG número 154 o Decreto 125/2023, do 3 de agosto, polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional e, deste xeito, o Instituto de Educación Secundaria de Vilamarín transformouse en Centro Integrado de Formación Profesional de Vilamarín.

No relativo as modificacións realizadas ao proxecto funcional do CIFP de Vilamarín, cabe indicar que este documento de nova creación será aprobado no seo do Consello Social a finais do ano 2023, sendo este, o noso primeiro ano como CIFP e, polo tanto, este proxecto funcional é o primeiro do que dispón o centro.

- Os **obxectivos**: O centro está traballando nos obxectivos estratéxicos recollidos no proxecto funcional (ademais de outro específico fixado para este curso e recollido no seguinte apartado deste plan anual) 8 estratéxicos marcados desde a Dirección Xeral de Formación Profesional e 1 de centro.

- En relación coa **oferta formativa** do centro, este curso implántase, por primeira vez:

- ✓ (A)ZSHOT04 - 1º curso do ciclo formativo en modalidade Dual de Grao Superior de Dirección de cociña e oferta parcial de Producción agroecolóxica.
- ✓ (A)-ZSHOT01 – 1º curso do ciclo formativo en modalidade Dual de Grao Superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos co Programa Retorna Talento FP (ORDE do 4 de agosto de 2023), para persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar estudos de formación profesional que se inicien no curso académico 2023/24.
- ✓ 2 CBHOT13 – 2º curso do ciclo formativo de Grao Básico de Actividades de Panadaría e Pastelería (ordinario). Este curso xa foi impartido no 2021-2022.
- ✓ (A)-ZMCOM02 – 1º curso do ciclo formativo compartido co CIFP Portovello (32016765) en modalidade Dual de Grao Medio de Comercialización de Produtos Alimentarios. Este curso xa foi impartido no 2021-2022.

**- Participación nas ensinanzas de Formación Profesional Plurilingües Cursos 2023-2024 e 2024-2025:**

SHOT04	Dirección de cociña	MP0506	Formación e orientación laboral	1º	Inglés
SHOT04	Dirección de cociña	MP0498	Elaboracións de pastelería e repostería en cociña	2º	Inglés
SHOT05	Dirección de servizos de restauración	MP0506	Formación e orientación laboral	1º	Inglés

## Obxectivos específicos do centro para o curso 2023-2024

Os obxectivos específicos do centro para este curso, poden verse detalladamente no MD62XES02 "Seguimento de obxectivos" subido a plataforma "Educalidade".

Como pode observarse, o centro ten establecidos para este curso un total de 9 obxectivos a desenvolver do seguinte xeito:

- Todos son coincidentes cos obxectivos do Proxecto Funcional do centro, sendo destes, os 8 primeiros estratéxicos e definidos pola propia Dirección Xeral de FP. Estes obxectivos son, polo tanto, obxectivos a medio e longo prazo, dos que neste curso só se realizan accións parciais, segundo se recolle no documento citado.
- O obxectivo número 9 é de centro e ven definido no plan anual deste curso, que poderá ter continuidade ou non o vindeiro curso, en función das necesidades detectadas no centro, e que se reformulará, se procede, a partir das propostas de mellora recollida na Memoria do centro do curso 2023-2024.

## 2 Actuacións e recursos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos

---

Para poder desenvolver os obxectivos propostos para este curso, é necesario realizar unha serie de accións ou actuacións encamiñadas a consecución dos mesmos e contar con distintos recursos para executalas e persoal responsable para levalas a cabo. Todos estes datos recóllense no MD62XES02 "Seguimento de obxectivos", subido a plataforma "Educalidade",

En canto as **actuacións**, como se pode ver no citado modelo, estas dependen do obxectivo ao que van asociadas e varían moito duns obxectivos a outros, pero sempre van encamiñadas a facilitar a consecución do dito obxectivo e asociadas a un indicador de logro que nos permite valorar se a acción finalmente é axeitada ou non para a consecución do mesmo.

En canto aos **recursos**, con todo, son menos variados que as accións e podemos agrupalos do seguinte xeito:

### **1- Recursos humanos:**

Cóntase neste momento con 52 docentes, dos que 25 son definitivos e 27 provisionais (4 con destino definitivo neste centro que se atopa en comisión de servizos noutro destino, 2 con destino definitivo noutro centro que se atopa en comisión de servizos neste centro, 2 en situacións especiais: liberado sindical e redución de xornada e 1 con destino neste centro que itinera noutro destino).

Respecto ao persoal non docente contamos con 1 administrativa, 2 subalternos, 1 encargado de almacén, 3 limpadoras, 5 pinches de cociña, 1 oficial de segunda de cociña, 1 intérprete, 1 coidadora e 2 auxiliares de conversa (1 en inglés e 1 en francés a xornada reducida).

## **2- Recursos materiais:**

Edificacións e Instalacións:

- **Edificio principal** con tres plantas (baixa, 1ª e 2ª) distribuídas do seguinte xeito:

**Na planta baixa** está a conserxería e a secretaría, os despachos dos cargos directivos (agás xefatura de estudos que se atopa no 1º andar), a aula de tecnoloxía aplicada, a aula de emprendemento, a aula de informática, a aula 101, o salón de actos e un viveiro de empresas.

**No segundo andar** atópase a sala do profesorado, o despacho de xefatura de estudos e da xefa de Departamento de Calidade e Innovación, o despacho da xefa do Departamento de Información e Orientación Profesional, un viveiro de empresas e a maioría das aulas teóricas.

**No terceiro andar** localízase o arquivo do CIFP de Vilamarín e os despachos da Xefa do Departamento de Relación con Empresas, das Xefas dos Departamentos de Idiomas, da Coordinadora das Tecnoloxías da Información e Comunicación, da Xefa do Departamento de FOL, da Coordinadora de Emprendemento, da Xefa do Departamento de Ciencias Naturais, do Coordinador de programas internacionais, do Xefe do Departamento da Familia Profesional Hostalería e turismo, da Xefa do Departamento da Familia Profesional Industrias alimentarias, da Xefa do Departamento de Acreditación e Probas, da Responsable de Dinamización de Relación con Empresas na FP e da Responsable da Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar.

- **Edificio Residencia do CIFP de Vilamarín** con tres plantas (baixa, 1ª e -1ª) distribuídas do seguinte xeito:

Na planta baixa contamos cunha aula de cata, biblioteca, sala multiusos (comedor, sala TV, e mesas para xogos), habitacións (101-111). As habitacións 102, 104, 107, 106, 108, 110, 111 para aloxamento do alumnado, 109 espazo ximnasio, o resto delas están destinadas a vestiarios do profesorado e do persoal laboral.

- **Planta 1ª:** Contamos 14 Hab. para aloxamento do alumnado, e unha delas está destinada como aula informática (206) equipada con 6 PCs e outra para o/a educador/a de garda, espazo despacho, a hab 204 que se utiliza como aula de prácticas para o Ciclo Superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos. En resúmen, contamos con 14 hab. na primeira planta e 7 na planta baixa, que permiten aloxar como máximo a 42 alumnos/as.

- **Planta -1:** Destinada a tres aulas teóricas, lavandaría, vestiarios do alumnado e aula de nova adecuación para o desenvolvemento de proxectos de innovación.

- **Edificio Aulas – Taller:** Contamos con aula-taller cafetería, aula-taller restaurante, aula- taller comedor de menú, office de servizos de restauración, office de cociña e pastelería, taller de cociña, taller de pastelería, cuarto frío, plonge, economato e almacén.

- **Edificio Actividades Agrarias:** Componse de aula polivalente e taller.

- **Zona Invernadoiros**

- **Pistas deportivas exteriores**

En calquera caso, no referente as instalacións e edificacións o prioritario é que se leve a cabo unha ampliación do taller de pastelería, repostaría e confeitaría das familias profesionais do centroá maior brevidade, que permita aumentar a calidade do ensino por dispoñer dos espazos e dos medios axeitados e conforme ao que establece o currículo de cada ciclo.

Equipamentos:

O centro conta con novo equipamento informático en varias aulas e nos respectivos despachos, ademais conta con todo o equipamento propio das necesidades das familias profesionais que se imparten. Equipamento que en moitos casos se atopa xa obsoleto ou deteriorado e que imos renovando a medida que é posible facelo.

## 3 Horario

---

### 3.1 Horario do CIFP

Durante o período lectivo o centro permanecerá aberto desde as 8.30 horas ata ás 21.30 horas ininterrompidamente.

Nos períodos vacacionais e cando non existan actividades lectivas o horario variará en función das necesidades existentes, informándose, na web do centro e con carteis, do horario de cada un deses períodos.

Respecto aos cursos destinados á poboación traballadora, as accións formativas para desempregados (AFD), impartiranse, en horario de tarde que é cando hai dispoñibilidade de espazos e intentarase na medida do posible que se realicen ao longo do terceiro trimestre.

### 3.2 Horario do persoal docente

(DOC) (Capítulo II do Plan anual)

No DOC aparecen recollidos os horarios individuais de todo o profesorado, co seu cadro resumo correspondente, sendo importante resaltar que algúns dos cargos dos CIFP non aparecen no Xade para poder cargalos nos horarios individuais (en concreto as diferentes coordinacións), polo que se cargan como “outras

dinamizacións" nos horarios, e "como outras actividades computables como lectivas" no cadro resumo. Aínda así, realízanse diferentes dilixencias para facer constar a que se refiren esas "outras dinamizacións" asinadas pola directora do CIFP de Vilamarín.

### 3.3 Horario do persoal non docente

#### - Oficial de cociña:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<b>MAÑÁ (XANTAR)</b>					
<b>Entrada</b>	11:00h	11:00h	11:00h	11:00h	11:00h
<b>Saída</b>	15:30h	15:30h	15:30h	15:30h	16:30h

<b>TARDES (CEAS)</b>					
<b>Entrada</b>	18:00h	18:00h	18:00h	18:00h	
<b>Saída</b>	21:30h	21:30h	21:30h	21:30h	

#### - Carteleira curso 2023/ 24 Pinches de cociña (cada mes faise rotación):

MES				(30-31 Outubro)- Novembro		
Día	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
Día	30	31	1	2	3	
Pinche Nº	horario		ZONA		horario	ZONA
Pinche 1	7:00/14:30				7:00/14:30	
Pinche 2	7:30 -15:00		PLONGE		7:00 /14:30	
Pinche 3	9:00-16:30		OFFICE		8:00 /15:30	
Pinche 4	14:30-22:00		PLONGE		11:30/19:00	
Pinche 5	14:30- 22:00		OFFICE		11:30/19:00	
MES				Novembro		
Día	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
Día	6	7	8	9	10	
Pinche Nº	horario		ZONA		horario	ZONA
Pinche 1	7:00/14:30				7:00/14:30	
Pinche 2	7:30/ 15:00		PLONGE		7:00 /14:30	
Pinche 3	9:00/ 16:30		OFFICE		8:00 /15:30	
Pinche 4	14:30/22:00		PLONGE		11:30/19:00	
Pinche 5	14:30/22:00		OFFICE		11:30/19:00	



MES				Novembro		
Día	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
Día	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	
Pinche Nº	horario		ZONA		horario	ZONA
Pinche 1	7:00/14:30				7:00/14:30	
<b>Pinche 2</b>	<b>7:30/ 15:00</b>		<b>PLONGE</b>		7:00 /14:30	
Pinche 3	<b>9:00/ 16:30</b>		<b>OFFICE</b>		8:00 /15:30	
<b>Pinche 4</b>	<b>14:30/22:00</b>		<b>PLONGE</b>		11:30/19:00	
<b>Pinche 5</b>	<b>14:30/22:00</b>		<b>OFFICE</b>		11:30/19:00	
MES				Novembro		
Día	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
Día	<b>20</b>	<b>21</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>24</b>	
Pinche Nº	horario		ZONA		horario	ZONA
Pinche 1	7:00/14:30				7:00 /14:30	
<b>Pinche 2</b>	<b>7:30-15:00</b>		<b>PLONGE</b>		7:00 /14:30	
<b>Pinche 3</b>	<b>9:00 -16:30</b>		<b>OFFICE</b>		8:00 /15:30	
Pinche 4	<b>14:30-22:00</b>		<b>PLONGE</b>		11:30/19:00	
<b>Pinche 5</b>	<b>14:30- 22:00</b>		<b>OFFICE</b>		11:30/19:00	

**QUENDA DE XANTAR DE LUNS-VENRES 13:00H-13:30H,**

**QUENDA DE CEA DE LUNS-XOVES 20:00H- 20:30H**

**DESCANSO CAFÉ QUENDA MAÑÁ DE 11H-11:20H**

**DESCANSO CAFÉ QUENDA DA TARDE DE 18:00H -18:20H**

**- 3 Limpadoras (zonas comúns e residencia):**

**De 07:00 horas a 14:00 horas**

**- 2 subalternos:**

**Quenda de mañá: de 07:45 horas a 15:15 horas.**

**Quenda de tarde: de 15:00 horas a 22:30 horas.**

**- Administrativa:**

**De 09:00 horas a 15:00 horas.**

**- Responsable de almacén:**

**de 07:00 horas a 14:30 horas.**

### 3.4 Horario de atención ao público

O horario de atención ao público será o seguinte:

- Na conserxería de luns a venres de 8:30 a 21:30 horas ininterrompido.
- Na secretaría de luns a venres de 9:30 a 14:30 horas.
- Na dirección de luns a venres de 08:30 a 15:00 horas, os martes de 16:00 a 19:30 horas, os mércores de 16:00 a 18:30 horas e os xoves de 16:00 a 18:30 horas. O resto das franxas horarias, os membros do equipo directivo do CIFP de Vilamarín, estaremos localizables a través do teléfono.

### 3.5 Horario de atención tutorial

(DOC) Fixado no horario do persoal docente. (Capítulo II do Plan anual)

## 4 Orzamento previsto

O orzamento previsto para o desenvolvemento do curso académico, inclúe o orzamento autorizado para o ano en que se inicie o curso e a estimación de necesidades para o próximo ano.

Por tanto, orzamento previsto para o desenvolvemento do curso académico 2023-2024, inclúe o orzamento autorizado para o ano 2023, en que se inicia o curso e a estimación de necesidades para o próximo ano, así:

-En relación co **orzamento autorizado para o ano 2023 foi o seguinte:**

ORZAMENTO 2023 CIFP VILAMARÍN	
<b>Orzamento anual de ingresos</b>	
Dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2023 : Gastos de funcionamento (incluíndo os gastos de funcionamento ensinanzas cofinanciadas do fondo social europeo 2023)	<b>263.400,00 €</b>
Dotacións para a biblioteca escolar (fondos documentais, mobiliario...)	<b>4.780,00 €</b>
Os derivados da venda de fotocopias e uso do teléfono.	<b>400,00 €</b>
Achegas de entidades ou particulares para o pagamento dos servizos de comedor, residencias, instalacións deportivas e outros.	<b>35.875,00 €</b>
<b>Partidas finalistas</b>	
Plan proxecta	<b>300,00 €</b>
Rede galega educación dixital	<b>12.104,18 €</b>
Proxecto Etnobotánica	<b>5.410,33 €</b>
Probas Nivelling alumnado	<b>3.700,00 €</b>
RAOGAL	<b>117,02 €</b>
Contrato programa CPINCLUE	<b>4.000,00 €</b>
Aula emprendemento	<b>5.000,00 €</b>
Programa lectura e familia	<b>2.500,00 €</b>
<b>Total orzamento ingresos</b>	<b>337.586,53 €</b>

<b>Orzamento anual de gastos</b>		
1. Arrendamentos		<b>4.800,00 €</b>
2. Reparacións, mantementos e conservación.		
2.1.- Conservación de edificios		
2.2.- Reparación Maquinaria		
2.3.- Reparación mobiliario		
2.4.- Informática e TIC		
	Total reparacións, mantementos e conservación	<b>64.187,25 €</b>
3. Material de oficina.		<b>3.900,00 €</b>
4. Subministros.		
4.1.- Dpto de Hostalaría e Turismo	66.199,92 €	
4.2.- Dpto de Industrias Alimentarias	9.926,78 €	
4.3.- Dpto de Agraria	3.109,69 €	
4.4.- Dpto de Orientación.	231,00 €	
4.5.- Dpto de Inglés	231,00 €	
4.6.- Dpto de Francés	231,00 €	
4.7.- Dpto de FOL	231,00 €	
4.8.- Biblioteca	1.800,00 €	
4.9.- ENL	231,00 €	
4.10.- Gastos xerais	46.802,81 €	
4.11.- Electricidade, calefacción, gas, auga...	76.402,84 €	
	Total Subministros	<b>205.397,04 €</b>
5. Comunicacións.		<b>4.400,00 €</b>
6. Transporte.		
6.1.- Actividades extraescolares	7.040,00 €	
	Total Transporte	<b>7.040,00 €</b>
7. Traballos realizados por outras empresas.		<b>2.458,39 €</b>
8. Primas de seguro		
9. Tributos		
10. Axudas de custo e locomoción.		<b>3.000,00 €</b>
11. Gastos diversos		<b>700,00 €</b>
12. Mobiliario e utensilios inventariables.		
12.1.- Dpto de Hostalaría e Turismo	3.484,21 €	
12.2.- Dpto de Industrias Alimentarias	522,46 €	
12.3.- Dpto de Agraria	163,67 €	
	Total mobiliario e utensilios inventariables	<b>4.170,34 €</b>
13. Outros materiais inventariables		
	Maquinaria departamentos. Mobiliario	4.401,98 €
	Total outros materiais inventariables	<b>4.401,98 €</b>
<b>Partidas finalistas</b>		
Plan proxecta		<b>300,00 €</b>
Rede galega educación dixital		<b>12.104,18 €</b>
Proxecto Etnobotánica		<b>5.410,33 €</b>
Probas Nivelling alumnado		<b>3.700,00 €</b>
RAOGAL		<b>117,02 €</b>

Contrato programa CPINCLUE	<b>4.000,00 €</b>
Aula emprendemento	<b>5.000,00 €</b>
Programa lectura e familia	<b>2.500,00 €</b>
<b>Total orzamento gastos</b>	<b>337.586,53 €</b>

TOTAL DEPARTAMENTOS HOST, IA, AGR.	100%	5% Mater. Reposición
Total dpto de Hostalaría	69.684,13 €	3.484,21 €
Total dpto Industrias alimentarias.	10.449,24 €	522,46 €
Total dpto Agraria	3.273,36 €	163,67 €

A maiores de este orzamento previsto e autorizado na primavera de 2023, o centro recibiu nos últimos meses os seguintes ingresos por partidas finalistas (232.745,23 euros) polos seguintes conceptos:

PARTIDAS FINALISTAS ANO 2023	
	Importe
AFD Xardíns 2023	13.079,05 €
AFD Cociña 2023	16.487,57 €
Proxecto k103 Mobilidade profesorado	3.645,00 €
ARA GASTOS FTO IES SECUNDARIA 2023	12.733,00 €
FP Innova 2023 Santiago	8.747,66 €
Premio Prox Innovación Tecnol e cient, e prox innov didáctica	19.496,00 €
Proxecto Fomento uso Galego	255,00 €
Proxecto Nova Olivicultura Galega :AOVE de calidade	2.293,50 €
ATA Conversión aulas en espazos de tecnoloxía aplicada na FP	55.000,00 €
FE MRR conversión ciclos en Pluril. DUAL CS Xestión Alox.Tur	6.000,00 €
FE MRR conversión ciclos en Pluril DUAL CS Xestión. Alox.Tur	5.142,86 €
FE MRR conversión ciclos en Pluril DUAL CS D.Cociña Prod. Agroeco.	36.000,00 €
Fondos propios Consellería Apoio FP Dual (Dietas e gtos repr Dinam. Empr.)	1.000,00 €
Fondos propios Consellería Apoio ao emprendemento (Viveiro emp.)	20.000,00 €
Mobilidades FP Dual Xest Alox e Dirección Cociña	25.429,59 €
PLAMBE FONDOS 23/24	1.220,00 €
ARA GASTOS FTO IES SECUNDARIA 2023 Xaneiro Setembro	6.216,00 €

Os ingresos indicados como partidas finalistas deben ser destinados a desenvolver as accións para as que foron ingresados.

Vistos os ingresos e unha subida xeralizada dos gastos no ano 2023, dada a elevada subida de prezos en xeral, e con especial incidencia no noso caso nas subministracións (luz, gasóleo calefacción e gas) e materias primas (economato) adquiridas para a realización das prácticas e suministro da Residencia, o ano 2023 pechará con pouco remanente.

- O anterior parece indicar que para atender as necesidades do ano 2024 sería necesario un incremento dos ingresos para gastos de funcionamento en consonancia coa subida dos gastos de subministración principalmente (preto dun 30%). A falta de coñecemento do importe do orzamento para o ano 2024 no momento da redacción deste documento, **e coa previsión dun aumento dos gastos de funcionamento mencionados, estímase que as necesidades para o primeiro semestre do ano 2024** estaría cuberta co remanente, os nos novos ingresos que vaian chegando por gastos de funcionamento, uso de comedores e no adianto que ven realizando nos últimos anos a Consellería no mes de decembro.

## 5 Organización de servizos complementarios (de ser o caso)

No referente a organización de servizos complementarios no centro, cabe destacar o seguinte:

### - **SERVIZO DE RESIDENCIA:**

#### - **Características da Residencia:**

Consta de dúas plantas, coa seguinte distribución:

- **Planta baixa:** aula de cata, **biblioteca**, sala multiusos (comedor, sala TV, e mesas para xogos), habitacións: (101-111). As 102, 104, 107, 106, 108, 110, 111 para aloxamento do alumnado, 109 espazo ximnasio, o resto delas están destinadas a vestiarios do profesorado e persoal laboral.

- **1ª planta:** hai 14 Hab. para aloxamento do alumnado, e unha delas está destinada como aula informática (206) equipada con 6 Pc e outra para o/a educador/a de garda, e o espazo despacho, a hab 204 se utiliza como aula de aloxamentos turísticos. En resúmen, contamos con 14 hab. na primeira planta e 7 na planta baixa, que permiten aloxar como máximo a 42 alumnos/as.

**Incorporación do alumnado a residencia do CIFP de Vilamarín.**

**Toda información figura no plan de organización e de convivencia da residencia do CIFP de Vilamarín.**

**([www://:edu.xunta.gal/centros/iesdevilamarin](http://www://:edu.xunta.gal/centros/iesdevilamarin)).**

#### - **Requisitos de admisión:**

- Imprescindible: estar matriculado/a no CIFP de Vilamarín.
- Baremación no caso de que haxa máis solicitudes que prazas ofertadas.
- Ter praza reservada según orde de solicitude, terá preferencia en caso de empate.
- Preferencia de alumnado residente no curso anterior, que non teña ningunha expulsión da residencia anteriormente, así como faltas moi graves contrarias á convivencia. (2 puntos).
- Non ter sido expulsado/a no curso anterior, nin estar sometido/a a un procedemento disciplinario en trámite, por algunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia descritas no artigo 15

da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e no capítulo II do Decreto 8/2015, do 8 de xanerio, que a desenvolve.

- Non ter contraída ningunha débeda nin coa residencia nin co centro educativo. (1 punto)
- Situación xeográfica, dificultade de medio de transporte público ao CIFP (3 puntos) Presentación de certificado de empadramento.
- Discapacidades. (2 puntos) presentar certificado de discapacidade da persoa solicitante expedido pola Administración autonómica.
- Nota media de acceso ós estudos. Nota media se puntuará por cada punto superior a 6, será de 0,5 puntos. Redemento académico: Terase en conta media obtida co curso escolar inmediatamente anterior, acreditada mediante o certificado oficial de notas. Cando non cursase estudos no curso inmediatamente anterior, terase e conta a nota media do último curso que realizase.
- Renda familiar. ( 2 Puntos) presentar copia da declaración da renda.
- Familia numerosa. ( 2 puntos) certificación.
- Preferencia de alumnado con irmáns matriculados/as no centro. (2 puntos).
- En caso de empate terase en conta a puntuación máis alta no seguinte orde: 1º irmáns no centro, 2º carecer de transporte público para desprazarse ao centro. 3º familia numerosa.
- Soamente se admitirá alumnado que está a realizar a F.C.T. se hai unha causa de forza maior.

#### **- Características das habitacións:**

- As habitacións contan con dúas camas equipadas con baño completo, un armario de dous compartimentos, estantes, mesa de estudo e dúas cadeiras e papeleira.
- Tamén conta con comedores e espazos deportivos ó aire libre para desenvolver distintos deportes.

#### **- Horario da residencia:**

- A Residencia estará aberta de luns a venres, condicionada a súa apertura e o seu peche ao horario escolar que se estableza ao comezo de cada curso académico. No caso de coincidir algún día non lectivo que prolongue a fin de semana, a residencia abrirase pola mañá do primeiro día lectivo, este curso será o luns 12 de setembro.
- De xeito habitual a residencia funcionará dende **os luns as 08:15h ata os venres as 16:45h.**
- No caso de que durante a semana haxa un día festivo, a residencia pechará ás **20:00h** do lectivo (**non haberá servizo de ceas**) e a apertura será de novo o primeiro día lectivo co horario establecido.
- A hora de erguerse será ás 07:30h e a de deitarse ás 23:00h.

### - Pagos do internado CRV:

#### Resumo dos pagos:

**A continuación relaciónanse os diferentes cargos que se van realizar e normas a seguir para o pago da residencia:**

- A cuota mensual é de 250,00€ cargados por adiantado aproximadamente sobre o día dez de cada mes. Este importe será cargado cada mes, independentemente dos días lectivos que teña, salvo nos meses de setembro, e xuño que se cobrará a metade (125,00€).
- **Cobrarase unha fianza do importe dunha mensualidade, 250,00€** que será devolta na súa integridade unha vez comprobado o correcto uso das habitacións e instalacións. Esta fianza será cargada na primeira mensualidade que se cobre e a súa devolución farase a finais de xuño.
- Todos os pagos realizaranse por domiciliación bancaria e no caso de gastos por devolución de recibos serán por conta do residente.
- As baixas deberán cubrir o **anexo XIX** cun mes de antelación entregando este na secretaría do centro.

#### TÁBOA DE RELACIÓN DOS PAGOS:

MES	IMPORTE RÉXIMEN PRESENCIAL	Data aproximada de cargo
Setembro	Fianza: 250€ ½ Mes: 120€ TOTAL: 370,00€	3/10/2023
Outubro	250,00€	10/10/2023
Novembro	250,00€	10/11/2023
Decembro	250,00€	10/12/2023
Xaneiro	250,00€	10/01/2024
Febreiro	250,00€	10/02/2024
Marzo	250,00€	10/03/2024
Abril	250,00€	10/04/2024
Maio	250,00€	10/05/2024
Xuño	125,00 €. Este importe non se cargará e descontarase na devolución da fianza.	Fin de xuño devolución de fianza. Farase un ingreso na conta bancaria do alumnado de 125€ en concepto de: 250 Fianza –125 € mes de xuño.

#### - Devolución da Fianza:

A finais de xuño devolverase a fianza. Farase un ingreso na conta bancaria do alumnado de 125 euros en concepto de 250 euros – 125 euros mes de xuño. No caso de que algún alumno se dera de baixa a devolución farase tamén neste mes de xuño.

## - **SERVIZO DE COMEDOR:**

### - **Para alumnado residente:**

O alumnado acatará en todo momento as normas de funcionamento do comedor especificadas polo departamento de Hostalaría e Turismo do CIFP de Vilamarín. Accederase ao comedor de forma axeitada e coas medidas de hixiene apropiadas.

Os/As alumnos/as terán dereito aos seguintes xantares:

Almorzo: 08:00h - 08:30h.

Tentempé: 11:30h -12:00h.

Xantar: 15:00h ou ás 14:00h cando o horario de clases o permita (13:30h se é alumnado implicado no servizo).

Merenda: 18:00h-18:30h.

Cea: 20:30h.

### - **Para alumnado externo e profesorado:**

O alumnado externo e o profesorado poderá facer uso do comedor o servizo de xantar sempre que haxa prazas libres.

Horario de luns a venres será ás 15:00h.

De xoves a venres será ás 14:00h.

### - **Comedor "carta":**

Ao longo deste curso académico, xa se está a ofertar o servizo de xantar no restaurante pedagóxico aberto ao público tanto para persoas alleas ao Centro, así como para toda a comunidade educativa, seguindo en todo momento ás decisións dos departamentos profesionais implicados (martes, xoves).

### **Número de prazas máximas ofertadas:**

Residentes 42

Persoal laboral 7

Xantar alumnado + profesorado = 30

<b>Relación semanal dos servizos de xantar por quendas</b>										
<b>1º TRIMESTRE DO CURSO (25 DE SETEMBRO AO 21 DE DECEMBRO DE 2023)</b>										
<b>SERVIZOS DE COMIDAS COCIÑA</b>	<b>luns</b>		<b>Martes</b>		<b>Mércores</b>		<b>Xoves</b>		<b>Venres</b>	
<b>QUENDAS</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>
<b>RESIDENTES</b>	<b>22</b>	<b>18</b>	<b>25</b>	<b>15</b>	<b>19</b>	<b>21</b>	<b>21</b>	<b>19</b>	<b>6</b>	<b>34</b>
<b>EXTERNOS XANTAR</b>	<b>19</b>	<b>1</b>	<b>26</b>	<b>2</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>22</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>2</b>
<b>PROFESORADO</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>6</b>
<b>PERSOAL LABORAL</b>	<b>7</b>		<b>7</b>		<b>7</b>		<b>7</b>		<b>9</b>	
<b>TOTAL</b>	<b>53</b>	<b>23</b>	<b>62</b>	<b>24</b>	<b>41</b>	<b>33</b>	<b>56</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>42</b>



**IMPRESO RESERVA COMEDOR TRIMESTRAL**
**Curso 2023/2024**

<b>APELIDOS E NOME:</b>						
<i>Marcar o que proceda</i>	Alumnado		Profesorado		Persoal laboral	
No caso do alumnado, <b>CICLO FORMATIVO E CURSO:</b>						
<b>Días da semana interesad@ en facer uso do comedor e tipo de menú que corresponda</b> ( <i>marcar o que proceda</i> )						
<i>Tipo de menú / Día da semana</i>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
* Menú <b>Autoservizo (2,5 €/xantar) 1º Quenda 13:30 h</b>						
